



**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA RESIDENCIA DA 3ª EDAD Expte. 5026/2024** (Apertura e cualificación da documentación administrativa e oferta técnica)

Na Casa do Concello, ás 8:40 horas do día 1 de agosto de 2024, reúnen-se os membros compoñentes da Mesa de Contratación para a adxudicación do contrato para a REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA RESIDENCIA DA 3ª EDAD, integrada por:

Presidente: Carlos Fernández García, arquitecto técnico.

Secretaria: Angelina Carrera Márquez, administrativa de Secretaría.

Vogais: Carlos López Quintáns, secretario municipal; Ana María Rial Acosta, interventora municipal e Karima Rodríguez Cruz, técnica de Admón Xeral. Todos eles segundo o disposto na Resolución nº 2024/2838, do 30 de xullo.

O obxecto desta Mesa é proceder á apertura e cualificación da documentación administrativa e oferta técnica, contida no sobre electrónico 1, presentados polos licitadores, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público para a adxudicación do contrato para , por importe de 669.019,32 euros le que se leva a cabo na data previamente publicada no perfil do contratante.

O procedemento de adxudicación será aberto simplificado quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

Pola Presidencia dáse por constituída a Mesa de Contratación.

Informa o Secretario municipal que se tivo coñecemento, por parte dos licitadores, que o día de finalización do prazo para presentar ofertas (23/7/2024) a Plataforma de Contratación do Estado estivo inactiva e non foi posible presentar ofertas. Por ese motivo fíxose unha consulta, mediante correo electrónico o día 24 de xullo ó soporte PLACSP. Recibida a súa resposta comunican que: *"La plataforma de contratación del estado estuvo inactiva ayer día 23/07/2024 desde las 10:00 hasta las 14:30 . Por la tarde, hubo cortes intermitentes hasta las 18:00 horas"*. Por ese motivo ampliouse o prazo de presentación de ofertas ata o día 26 de xullo de 2024

De seguido accedese á Plataforma de Contratación do Sector Público, compróbase que se presentaron os seguintes licitadores:

1.- **CIES OBRA CIVIL S.L.** de Vigo, o día 24 de xullo de 2024, ás 13:09 horas, representada por Oscar Penas García

2.- **CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRÓ S.LU.** de Vigo, o día 24 de xullo de 2024, ás 12:56 horas, representada por José Manuel Castro Senra.



3- **URGACEN VIENA 25. S.L.** de Los Alcázares (Murcia), o día 26 de xullo de 2024, ás 13:50 horas, representada por Santiago Francisco García Ros.

4- **XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.** de Vigo, o día 24 de xullo de 2024, ás horas, representada por Miguel Caruncho Campanario

Pola secretaria da Mesa infórmase que ditas empresas presentaron a documentación en tempo e forma.

De seguido procédese á apertura do Sobre electrónico nº 1 presentada polas indicadas empresas.

1. **CIES OBRA CIVIL S.L.**, presenta:

-Documento Europeo Unico de Contratación, onde se indica que é unha microempresa, unha pequena ou mediana empresa; que cumpre cos criterios de selección requiridos, así como da clasificación esixida Grupo C (edificacións), Subgrupos 7 e 9 (aislamentos e impermeabilizacións e carpintería metálica), e Categoría 3 e 4 respectivamente e que non prevé subcontratar.

-No ROLECE, entre outros, figura que non existen prohibicións para contratar e a sus clasificación.

-Declaración responsable, conforme ao Anexo I, da que se desprende que se atopa inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, que non pertence a grupo empresarial e que autoriza a consulta de datos.

A Mesa cualifica correcta a Declaración responsable e admítea á licitación.

-Oferta técnica (9 paxinas con diagramas) onde se describe o obxecto das obras a realizar; análise económico; calculo de rendementos da obra; grafico de execución da obra; prazo de execución e diagrama.

2. **CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRÓ S.LU**, presenta:

-Documento Europeo Unico de Contratación, onde se indica que non é unha microempresa, unha pequena ou mediana empresa; que ten intención de subcontratar algunha parte do contrato coa empresa ZINC, ELECTRICIDAD Y CLIMA; que cumpre cos criterios de selección requiridos, así como da clasificación esixida.

-No ROLECE, entre outros, figura que non existen prohibicións para contratar. En canto á súa clasificación, figura no Grupo C (edificacións), Subgrupos 7 e 9 (aislamentos e impermeabilizacións e carpintería metálica), Categoría 4 en ámbolos dos subgrupos.

-Declaración responsable, conforme ao Anexo I, da que se desprende que se atopa inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, que non pertence a grupo empresarial e que autoriza a consulta de datos.



A Mesa cualifica correcta a Declaración responsable e admítea á licitación.

-Oferta técnica (11 paxinas con diagramas) onde figura unha análise do proxecto e descrición dos procesos construtivos; descrición dos principais procesos de execución; análise da implantación da obra, persoal asignado a obra , diagrama de Gantt.

3. **URGACEN VIENA 25. S.L.** , presenta:

-Documento Europeo Unico de Contratación, onde se indica, entre outros, que é unha microempresa, unha pequena ou mediana empresa; a clasificación esixida; que non ten intención de subcontratar

-No ROLECE, entre outros , figura que non existen prohibicións para contratar. En canto á súa clasificación, figura no Grupo C (edificacións), Subgrupos 7 e 9 (aislamentos e impermeabilizacións e carpintería metálica), Categoría 3 en ámbolos dos subgrupos.

-Declaración responsable, conforme ao Anexo I, da que se desprende que se atopa inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado , que non pertence a grupo empresarial e que autoriza a consulta de datos .

A Mesa cualifica correcta a Declaración responsable e admítea á licitación.

-Oferta técnica (10 paxinas con diagramas) onde se describe a memoria construtiva; medios persoais e materiais; descrición de actividades complexas; relación das fontes de subministro de materiais. Analises de acopios e de instalacións auxiliares; compromisos; programa de traballo; xustificación dos rendementos utilizados e duración; diagrama .

4. **XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L**, presenta:

-Documento Europeo Unico de Contratación, onde se indica, entre outros, que é unha microempresa, unha pequena ou mediana empresa; que cumpre cos criterios de selección esixidos e que ten intención de subcontratar algunha parte do contrato a terceiros.

-No ROLECE, entre outros, figura que non existen prohibicións vixentes para contratar. En canto á súa clasificación, figura no Grupo C (edificacións), Subgrupos 7 e 9 (aislamentos e impermeabilizacións e carpintería metálica), Categoría 5 en ámbolos dos subgrupos.

-Declaración responsable, conforme ao Anexo I, da que se desprende que se atopa inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, que non pertence a grupo empresarial e que autoriza a consulta de datos .

A Mesa cualifica correcta a Declaración responsable e admítea á licitación.



-Oferta técnica (8 páxinas con diagramas) onde se describe o prazo proposto para a execución da obra; Concepción global da obra; análises crítico das fases da obra, metodoloxía de execución, descrición das actividades a realizar, diagrama de Gantt; medidas para garantir o prazo de execución; rendementos; coñecemento do ámbito no que se desenvolve a obra accesos á obra; condicionantes existentes; principal problemática da obra; zona de acopios e instalacións auxiliares.; medios humanos. Maquinaria e medios auxiliares.

Á vista do exposto e tendo en conta que a documentación técnica suxeita a xuízos de valor se axusta ao volume máximo permitido nos pregos, a Mesa considera trasladar dita documentación aos servizos técnicos municipais para que emitan o correspondente informe de avaliación de acordo cos criterios non automáticos establecidos nas cláusulas particulares do prego.

E cando son as 9:12 horas, dáse rematado este acto do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.

